

Está pasando

Marica Campo elixida autora do ano

02/02/2013 18:49

A Asociación de Escritores en Lingua Galega elixiu á narradora e poeta Marica Campo como autora do ano.

O galardón seralle entregado en xuño vindeiro na súa terra natal do Incio.

Como escritora galega universal nomaron á portuguesa Silvia Jorge.

A asemblea xeral da AELG, reunida hoxe en Santiago, tamén acordou que pasen a integra-la lista dos "bos e xenerosos" da asociación de humoristas gráficos Xosé Lois "O Carrabouxo", Pepe Carreiro, Xaquín Marín, Siro e Gogue.

En canto ás institucións, o premio deste ano vai para entidades coma O Galo de Compostela, O Facho da Coruña, Auriense de Ourense, Lumiera de Carballo ou Medulio de Ferrol, todas elas nadas nas décadas dos anos 70 e 80.